



**SESIÓN ORDINARIA DO  
EXCELENTÍSIMO CONCELLO  
PLENO DE DATA QUINCE DE  
XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E  
SEIS**

---

No Salón de Sesiões da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 15 de xaneiro de 2026. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García**, e coa asistencia dos edís:

**GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO  
POPULAR (PP)**

D. Miguel Lorenzo Torres  
D. Roberto Rodríguez Martínez  
D.<sup>a</sup> Rosalía López Sánchez  
D.<sup>a</sup> Susana Catalán Morcillo  
D. Gonzalo Mora do Campo  
D. Carlos San Claudio Yáñez  
D.<sup>a</sup> Carmen María No Varela  
D. Antonio Deus Álvarez  
D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Fariñas Andón  
D. Roberto Luis Coira Andrade  
D. Jose Ramón Amado de la Fuente

**GRUPO MUNICIPAL DOS  
SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE  
(PSdeG-PSOE)**

D. José Manuel Lage Tuñas  
D.<sup>a</sup> Eudoxia María Neira Fernández  
D.<sup>a</sup> Nereida María Canosa Domínguez  
D. Francisco Dinís Díaz Gallego  
D.<sup>a</sup> Noemí Díaz Vázquez  
D. Manuel José Vázquez Martínez  
D. Juan Ignacio Borrego Vázquez  
D.<sup>a</sup> Montserrat Paz Romero

**GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE  
NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

D. Francisco Xesús Jorquera Caselas

**SESIÓN ORDINARIA DEL  
EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO  
PLENO DE FECHA QUINCE DE  
ENERO DE DOS MIL VEINTISÉIS**

---

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 15 de enero de 2026. Bajo la presidencia de la **Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García**, y con la asistencia de los ediles:*

**GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO  
POPULAR (PP)**

*D. Miguel Lorenzo Torres  
D. Roberto Rodríguez Martínez  
D.<sup>a</sup> Rosalía López Sánchez  
D.<sup>a</sup> Susana Catalán Morcillo  
D. Gonzalo Mora do Campo  
D. Carlos San Claudio Yáñez  
D.<sup>a</sup> Carmen María No Varela  
D. Antonio Deus Álvarez  
D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Fariñas Andón  
D. Roberto Luis Coira Andrade  
D. Jose Ramón Amado de la Fuente*

**GRUPO MUNICIPAL DE LOS  
SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE  
(PSdeG-PSOE)**

*D. José Manuel Lage Tuñas  
D.<sup>a</sup> Eudoxia María Neira Fernández  
D.<sup>a</sup> Nereida María Canosa Domínguez  
D. Francisco Dinís Díaz Gallego  
D.<sup>a</sup> Noemí Díaz Vázquez  
D. Manuel José Vázquez Martínez  
D. Juan Ignacio Borrego Vázquez  
D.<sup>a</sup> Montserrat Paz Romero*

**GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE  
NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

*D. Francisco Xesús Jorquera Caselas*



D.<sup>a</sup> Avia Veira González  
D.<sup>a</sup> María Mercedes Queixas Zas  
D. David José Soto Díaz

reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral accidental, don Martín González Rodríguez**.

Ás dez horas e nove minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

### Intervencións

#### Presidencia

Moi bo día a todos e a todas, benvidos á sesión ordinaria deste pleno correspondente ó mes de xaneiro. Damos a benvida ós membros da Corporación, ó señor secretario, ó señor substituto do interventor xeral, personal municipal que nos acompaña e xornalistas acreditados, e resto de público.

#### **I – PARTE RESOLUTIVA**

##### **ASUNTO 1**

#### **Comunicacións da Alcaldía.**

**1. Comunicado da Alcaldía sobre a violencia machista.**

#### Presidencia

Como cada pleno ordinario comezaremos gardando tantos minutos de silencio como vítimas do machismo, como persoas fosen asasinadas polo machismo

*D.<sup>a</sup> Avia Veira González  
D.<sup>a</sup> María Mercedes Queixas Zas  
D. David José Soto Díaz*

*se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.*

*Da fe del acto el infraescrito **secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, hallándose además presente el **interventor general accidental, don Martín González Rodríguez**.*

*A las diez horas y nueve minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

### Intervenciones

#### Presidencia

*Muy buenos días a todos y a todas, bienvenidos a la sesión ordinaria de este pleno correspondiente al mes de enero. Damos la bienvenida a los miembros de la Corporación, al señor secretario, al señor sustituto del interventor general, personal municipal que nos acompaña y periodistas acreditados, y resto de público.*

#### **I – PARTE RESOLUTIVA**

##### **ASUNTO 1**

#### **Comunicaciones de la Alcaldía.**

**1. Comunicado de la Alcaldía sobre la violencia machista.**

#### Presidencia

*Como cada pleno ordinario comenzaremos guardando tantos minutos de silencio como víctimas del machismo, como personas fueran asesinadas por el*



desde o anterior pleno. Desde o pleno ordinario de decembro confirmáronse sete mulleres asasinadas.

1. O 9 de decembro, Natividad Heredia Torres, de 48 anos, en Valencia.

2. O 8 de setembro, unha muller de identidade non coñecida, de 36 anos, en Tarragona.

3. O 4 de xaneiro, Pilar Sánchez, de 38 anos, en Jaén.

4. O 5 de xaneiro, Czarina C., de 43 anos, nas Palmas.

5. O 11 de xaneiro, María Isabel, de 58 anos, en Cádiz.

6. O 12 de xaneiro, unha muller de identidade non coñecida, de 78 anos, en Badajoz.

7. E o 3 de febreiro outra muller sen nome confirmado, de 27 anos, en Baleares.

Así que solicito ós presentes que nos poñamos en pé para gardar sete minutos de silencio.

**(Gárdanse sete minutos de silencio).**

**2. ACTA– Aprobación do borrador da acta da seguinte sesión:**

**- Ordinaria, do 2 de outubro de 2025.**

**Presidencia**

Pasamos xa á Parte Resolutiva coa aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria de outubro de 2025 —pase, señor Castro—. Non constan alegacións e polo tanto queda aprobada.

**Ás dez horas e dezasete minutos entra**

*machismo desde el anterior pleno. Desde el pleno ordinario de diciembre se confirmaron siete mujeres asesinadas.*

*1. El 9 de diciembre, Natividad Heredia Torres, de 48 años, en Valencia.*

*2. El 8 de septiembre, una mujer de identidad no conocida, de 36 años, en Tarragona.*

*3. El 4 de enero, Pilar Sánchez, de 38 años, en Jaén.*

*4. El 5 de enero, Czarina C., de 43 años, en las Palmas.*

*5. El 11 de enero, María Isabel, de 58 años, en Cádiz.*

*6. El 12 de enero, una mujer de identidad no conocida, de 78 años, en Badajoz.*

*7. Y el 3 de febrero, otra mujer sin nombre confirmado, de 27 años, en Baleares.*

*Así que solicito a los presentes que nos pongamos en pie para guardar siete minutos de silencio.*

*(Se guardan siete minutos de silencio).*

*2. ACTA– Aprobación del borrador del acta de la siguiente sesión:*

*- Ordinaria, de 2 de octubre de 2025.*

**Presidencia**

*Pasamos ya a la Parte Resolutiva con la aprobación del borrador del acta de la sesión ordinaria de octubre de 2025 —pase, señor Castro—. No constan alegaciones y por lo tanto queda aprobada.*

*A las diez horas y diecisiete minutos entra*



no Salón de Sesións o señor Castro Prado.

*en el Salón de Sesiones el señor Castro Prado.*

**ASUNTO 2**

**ASUNTO 2**

**3. Tomar coñecemento do escrito do concelleiro deste Concello D. Roberto García Fernández comunicando ó Pleno a súa renuncia á condición de concelleiro desta corporación municipal.**

*3. Tomar conocimiento del escrito del concejal de este Ayuntamiento, D. Roberto García Fernández comunicando al Pleno su renuncia a la condición de concejal de esta corporación municipal.*

**Intervencións**

**Intervenciones**

**Presidencia**

**Presidencia**

Asunto número dous, señor secretario.

*Asunto número dos, señor secretario.*

**Señor Secretario**

**Señor Secretario**

Toma de coñecemento do escrito do concelleiro deste concello, don Roberto García Fernández, comunicando ó Pleno a súa renuncia á condición de concelleiro desta corporación municipal.

*Toma de conocimiento del escrito del concejal de este ayuntamiento, don Roberto García Fernández, comunicando al Pleno su renuncia a la condición de concejal de esta corporación municipal.*

**Presidencia**

**Presidencia**

Ben, como saben, as tomas de coñecemento non son obxecto de debate, pero neste punto o voceiro do Grupo Popular solicitou facer unha breve intervención cunha lectura dunha comunicación dirixida ó Pleno por parte do concelleiro que renuncia, o señor García Fernández, así que, señor Lorenzo, ten a palabra.

*Bien, como saben, las tomas de conocimiento no son objeto de debate, pero en este punto el portavoz del Grupo Popular solicitó hacer una breve intervención con una lectura de una comunicación dirigida al Pleno por parte del concejal que renuncia, el señor García Fernández, así que, señor Lorenzo, tiene la palabra.*

**Señor Lorenzo Torres**

**Señor Lorenzo Torres**

*Bo día a todos e a todas, grazas, señora alcaldesa.*

Buenos días a todos y a todas, gracias, señora alcaldesa.

*En primeiro lugar quero agradecerlle a concesión destes minutos e expresar o meu pesar por non estar presente fisicamente con vostedes nunha sesión que ten para min un profundo significado persoal e político. As miñas primeiras*

En primer lugar quiero agradecerle la concesión de estos minutos y expresar mi pesar por no estar presente físicamente con ustedes en una sesión que tiene para mí un profundo significado personal y político. Mis primeras palabras han de ser



*palabras han de ser necesariamente de agradecemento e gratitude cara a todos os meus compañeiros e compañeiras do Grupo municipal Popular por ese gran traballo en equipo que fixemos durante estes anos e polo voso apoio sempre nas miñas iniciativas.*

*Foron seis anos de intensa aprendizaxe e dedicación plena, desenvoltos, como sempre, desde a proximidade á cidadanía e con estreita colaboración co tecido deportivo desta cidade. Foi unha honra representar á Coruña como concelleiro e en particular asumir as responsabilidades vinculadas ó ámbito deportivo.*

*Quero agradecerlles sinceramente a súa colaboración continua e trasladarlles que aínda que agora asumo unha nova responsabilidade persoal e profesional en Galicia, seguirei mantendo un vínculo inalterable e permanente coa miña querida cidade.*

*Desexo tamén expresar o meu agradecemento á señora alcaldesa, Inés Rey, a cada un dos membros da Corporación municipal, ó persoal funcional desta institución e aos medios de comunicación pola súa disposición e trato cara á miña persoa. O seu traballo foi, sen dúbida, enriquecedor e fundamental para o desenvolvemento do labor institucional e político.*

*A partir deste intre iníciase unha nova etapa. Desexo reafirmar o meu compromiso con este goberno, co seu tecido deportivo e coa cidade da Coruña, mantendo intactas a ilusión, a dedicación e a lealdade institucional que guiaron a miña traxectoria, e facéndoa agora, desde o ámbito do Goberno da Xunta de Galicia, co obxectivo de impulsar, apoiar e colaborar en iniciativas que contribúan ó progreso da Coruña e de Galicia.*

necesariamente de agradecimiento y gratitud hacia todos mis compañeros y compañeras del Grupo municipal Popular por ese gran trabajo en equipo que hemos hecho durante estos años y por vuestro apoyo siempre en mis iniciativas.

Han sido seis años de intenso aprendizaje y dedicación plena, desarrollados, como siempre, desde la cercanía a la ciudadanía y con estrecha colaboración con el tejido deportivo de esta ciudad. Ha sido un honor representar a A Coruña como concejal y en particular asumir las responsabilidades vinculadas al ámbito deportivo.

Quiero agradecerles sinceramente su colaboración continua y trasladarles que aunque ahora asumo una nueva responsabilidad personal y profesional en Galicia, seguiré manteniendo un vínculo inalterable y permanente con mi querida ciudad.

Deseo también expresar mi agradecimiento a la señora alcaldesa, Inés Rey, a cada uno de los miembros de la Corporación municipal, al personal funcional de esta institución y a los medios de comunicación por su disposición y trato hacia mi persona. Su trabajo ha sido, sin duda, enriquecedor y fundamental para el desarrollo de la labor institucional y política.

A partir de este momento se inicia una nueva etapa. Deseo reafirmar mi compromiso con este gobierno, con su tejido deportivo y con la ciudad de La Coruña, manteniendo intactas la ilusión, la dedicación y la lealtad institucional que han guiado mi trayectoria, y haciéndola ahora, desde el ámbito del Gobierno de la Xunta de Galicia, con el objetivo de impulsar, apoyar y colaborar en iniciativas que contribuyan al progreso de A Coruña y de Galicia.



*Por último, quero manifestar que afronto esta nova etapa levando comigo de maneira permanente á miña cidade, ó seu tecido deportivo, ás miñas compañeiras e compañeiros de Corporación, a quen sempre levarei no meu corazón.*

*Palabras de Roberto García. Moitas grazas.*

### **Presidencia**

Ben, pois moitas grazas, señor Lorenzo, e dende a Presidencia da Corporación lle mandamos unha fonda aperta, o noso recoñecemento ó seu traballo e, por suposto, a mellor das sortes na nova andadura profesional que comeza o señor García Fernández vinculado tamén ó tecido deportivo. Estou segura que teremos ocasión de coincidir con el en vindeiras ocasións, así que botarémolo de menos no Pleno, pero seguro que nos atopamos fóra del.

### **CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA**

#### **Dirección da Área de Administración Xeral**

**Servizo de Recursos Humanos**

#### **ASUNTO 3**

##### **4. Expediente 108/2025/2101**

**Aprobación da ampliación da compatibilidade para o exercicio de actividades privadas presentada por un funcionario municipal.**

Este asunto foi ditaminado favorablemente por unanimidade pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 12 de xaneiro de 2026, cos votos a favor dos Grupos municipais do Partido

Por último, quero manifestar que afronto esta nova etapa levando conmigo de maneira permanente a mi ciudad, a su tejido deportivo, a mis compañeiras y compañeros de Corporación, a quienes siempre llevaré en mi corazón.

Palabras de Roberto García. Muchas gracias.

### **Presidencia**

*Bien, pues muchas gracias, señor Lorenzo, y desde la Presidencia de la Corporación le mandamos un hondo abrazo, nuestro reconocimiento a su trabajo y, por supuesto, la mejor de las suertes en la nueva andadura profesional que comienza el señor García Fernández vinculado también al tejido deportivo. Estoy segura que tendremos ocasión de coincidir con él en próximas ocasiones, así que lo echaremos de menos en el Pleno, pero seguro que nos encontramos fuera de él.*

### **CONCEJALÍA DE ECONOMÍA Y PLANIFICACIÓN ESTRATÉGICA**

#### **Dirección del Área de Administración General**

**Servicio de Recursos Humanos**

#### **ASUNTO 3**

##### **4. Expediente 108/2025/2101**

**Aprobación de la ampliación de la compatibilidad para el ejercicio de actividades privadas presentada por un funcionario municipal.**

Este asunto fue dictaminado favorablemente por unanimidad por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 12 de enero de 2026, con los votos a favor de los Grupos municipales



Popular, dos Socialistas de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, proponendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes:

1) Acceder ao recoñecemento da ampliación da compatibilidade de actividade privada solicitada por Don Adrián Silva Magdalena (\*\*8298\*\*), nos estritos termos aos que se circunscribe a súa solicitude, debéndose observar en todo momento o réxime de prohibicións e limitacións establecido nos artigos 11 e seguintes da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

2) A eficacia do devandito recoñecemento queda condicionada á previa solicitude da redución do importe do complemento específico correspondente ao posto que desempeña (Músico A2-19) na cantidade que exceda da porcentaxe do 30% da súa retribución básica, segundo o art. 16.4 da Lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

3) Notificar o presente acordo ao interesado.

### Intervencións

#### Presidencia

Pasamos xa ó asunto número tres, señor secretario.

#### Señor Secretario

Asunto número tres, Aprobación da ampliación da compatibilidade para o exercicio de actividades privadas presentada por un funcionario municipal.

De conformidade co resolto na Comisión

*del Partido Popular, de los Socialistas de Galicia-PSOE y del Bloque Nacionalista Galego, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes:*

*1) Acceder al reconocimiento de la ampliación de la compatibilidad de actividad privada solicitada por Don Adrián Silva Magdalena (\*\*8298\*\*), en los estrictos términos a los que se circunscribe su solicitud, debiéndose observar en todo momento el régimen de prohibiciones y limitaciones establecido en los artículos 11 y siguientes de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de incompatibilidades del personal al servicio de las Administraciones Públicas.*

*2) La eficacia de dicho reconocimiento queda condicionada a la previa solicitud de la reducción del importe del complemento específico correspondiente al puesto que desempeña (Músico A2-19) en la cantidad que exceda del porcentaje del 30% de su retribución básica, según el art. 16.4 de la Ley 53/1984, de incompatibilidades del personal al servicio de las Administraciones Públicas.*

*3) Notificar el presente acuerdo al interesado.*

### Intervenciones

#### Presidencia

*Pasamos ya al asunto número tres, señor secretario.*

#### Señor Secretario

*Asunto número tres, Aprobación de la ampliación de la compatibilidad para el ejercicio de actividades privadas presentada por un funcionario municipal.*

*De conformidad con lo resuelto en la*



de Portavoces, non haberá deliberación sobre o asunto.

### **Presidencia**

Exacto, neste asunto non se delibera toda vez que un funcionario desta casa que solicita un recoñecemento da ampliación de compatibilidade para actividade privada e, polo tanto, existindo os informes preceptivos correspondentes accedendo a este recoñecemento e demais cuestións que aparecen recollidas no asunto tres, pasamos, se lles parece, directamente á votación.

### **Votación do asunto número tres**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número tres relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

### **Presidencia**

Grazas. Queda aprobado por unanimidade da Corporación.

### **Acordo**

1) Acceder ao recoñecemento da ampliación da compatibilidade de actividade privada solicitada por Don Adrián Silva Magdalena (\*\*8298\*\*), nos estritos termos aos que se circunscribe a súa solicitude, debéndose observar en todo momento o réxime de prohibicións e limitacións establecido nos artigos 11 e seguintes da Lei 53/1984,

*Comisión de Portavoces, no habrá deliberación sobre el asunto.*

### **Presidencia**

*Exacto, en este asunto no se delibera toda vez que un funcionario de esta casa que solicita un reconocimiento de la ampliación de compatibilidad para actividad privada y, por lo tanto, existiendo los informes preceptivos correspondientes accediendo a este reconocimiento y demás cuestiones que aparecen recogidas en el asunto tres, pasamos, si les parece, directamente a la votación.*

### **Votación del asunto número tres**

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número tres relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (11 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

### **Presidencia**

*Gracias. Queda aprobado por unanimidad de la Corporación.*

### **Acuerdo**

*1) Acceder al reconocimiento de la ampliación de la compatibilidad de actividad privada solicitada por Don Adrián Silva Magdalena (\*\*8298\*\*), en los estrictos términos a los que se circunscribe su solicitud, debiéndose observar en todo momento el régimen de prohibiciones y limitaciones establecido en los artículos 11 y siguientes de la Ley*



de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

2) A eficacia do devandito recoñecemento queda condicionada á previa solicitude da redución do importe do complemento específico correspondente ao posto que desempeña (Músico A2-19) na cantidade que exceda da porcentaxe do 30% da súa retribución básica, segundo o art. 16.4 da Lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

3) Notificar o presente acordo ao interesado.

**CONCELLARÍA DE BENESTAR SOCIAL, PARTICIPACIÓN E IGUALDADE**

**Dirección da Área de Benestar**

**Servizo de Servizos Sociais**

**ASUNTO 4**

**5. Expediente 105/2025/5269**  
**Aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar.**

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 12 de xaneiro de 2026, co voto a favor do Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE e as abstencións dos grupos municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, proponendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes:

Primeiro: Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora do

*53/1984, de 26 de diciembre, de incompatibilidades del personal al servicio de las Administraciones Públicas.*

*2) La eficacia de dicho reconocimiento queda condicionada a la previa solicitud de la reducción del importe del complemento específico correspondiente al puesto que desempeña (Músico A2-19) en la cantidad que exceda del porcentaje del 30% de su retribución básica, según el art. 16.4 de la Ley 53/1984, de incompatibilidades del personal al servicio de las Administraciones Públicas.*

*3) Notificar el presente acuerdo al interesado.*

**CONCEJALÍA DE BIENESTAR SOCIAL, PARTICIPACIÓN E IGUALDAD**

**Dirección del Área de Bienestar**

**Servicio de Servicios Sociales**

**ASUNTO 4**

**5. Expediente 105/2025/5269**  
**Aprobación inicial de la Ordenanza municipal reguladora del servicio de ayuda en el hogar.**

*Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 12 de enero de 2026, con el voto a favor del Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE y las abstenciones de los grupos municipales del Partido Popular y del Bloque Nacionalista Galego, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes:*

*Primero: Aprobar inicialmente la ordenanza municipal reguladora del*



Servizo de Axuda no Fogar, cuxo texto se anexa ao presente expediente con CSV 3Y120C3M5S0A4H640EEJ.

Segundo: Someter a trámite de información pública e audiencia as persoas interesadas a ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar para que, no prazo de trinta días a contar desde o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, poidan presentar reclamacións e suxestións ao texto.

Se durante o citado prazo non resultase presentada ningunha alegación, elevarase de forma automática a definitiva a aprobación inicial.

### Intervencións

#### Presidencia

E xa asunto número catro, señor secretario.

#### Señor Secretario

Aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar. Maioría simple.

#### Presidencia

Ben. Terá a palabra en primeiro lugar a señora Canosa, concelleira de Benestar Social, Participación e Igualdade, para explicar a Ordenanza e despois haberá un único turno de catro minutos.

Señora Canosa, ten a palabra.

#### Señora Canosa Domínguez

Grazas, señora alcaldesa. Bo día, compañeiros e compañeiras.

Traemos hoxe a este pleno a aprobación inicial da nova Ordenanza municipal

*Servicio de Ayuda en el Hogar, cuyo texto se anexa al presente expediente con CSV 3Y120C3M5S0A4H640EEJ.*

*Segundo: Someter a trámite de información pública y audiencia a las personas interesadas la ordenanza municipal reguladora del Servicio de Ayuda en el Hogar para que, en el plazo de treinta días a contar desde el día siguiente a su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, puedan presentar reclamaciones y sugerencias al texto.*

*Si durante el citado plazo no resultara presentada ninguna alegación, se elevará de forma automática a definitiva la aprobación inicial.*

### Intervenciones

#### Presidencia

*Y ya asunto número cuatro, señor secretario.*

#### Señor Secretario

*Aprobación inicial de la Ordenanza municipal reguladora del servicio de ayuda en el hogar. Mayoría simple.*

#### Presidencia

*Bien. Tendrá la palabra en primer lugar la señora Canosa, concejala de Bienestar Social, Participación e Igualdad, para explicar la Ordenanza y después habrá un único turno de cuatro minutos.*

*Señora Canosa, tiene la palabra.*

#### Señora Canosa Domínguez

*Gracias, señora alcaldesa. Buenos días, compañeros y compañeras.*

*Traemos hoy a este pleno la aprobación inicial de la nueva Ordenanza municipal*



reguladora do servizo de axuda no fogar. Teño que agradecer o traballo realizado polas compañeiras de Benestar, especialmente polo equipo de dependencia.

Queiro nesta primeira intervención explicar a necesidade de actualización desta ordenanza e os cambios fundamentais que implica.

A Ordenanza que nestes momentos temos vixente de servizo de axuda no fogar na Coruña se mantén practicamente inalterada dende o ano 2010, quedando absolutamente desfasada tras máis dunha década de cambios legislativos en Galicia e no Estado. Dende 2010 ata hoxe aprobáronse importantes disposicións en materia de servizos sociais e en atención á dependencia que fan necesaria a adaptación do noso regulamento local. Cómpre salientar o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, onde xa na Disposición Adicional, na disposición derradeira, se pedía, se lles obrigaba ós concellos a adecuar as súas ordenanzas á normativa autonómica. Tamén se sucederon posteriores reformas, por exemplo co Decreto 149/2013, no que se define a carteira de servizos para a autonomía persoal, modificando aspectos cruciais, como a intensidade da atención ou a participación económica, entre outros.

Tamén no ámbito estatal a evolución do sistema de atención á dependencia incidiu directamente no SAF, e vou a ir directamente ó último decreto, que é o 675/2023, do 18 de xullo, que introduciu melloras importantes. Por unha banda, a teleasistencia pasa a considerarse un servizo compatible e complementario que se garante como dereito subxectivo para todas as persoas en situación de dependencia, e por outra banda incrementáse as horas máximas do SAF para cada grao de dependencia.

*reguladora del servicio de ayuda en el hogar. Tengo que agradecer el trabajo realizado por las compañeras de Bienestar, especialmente por el equipo de dependencia.*

*Quiero en esta primera intervención explicar la necesidad de actualización de esta ordenanza y los cambios fundamentales que implica.*

*La Ordenanza que en estos momentos tenemos vigente de servicio de ayuda en el hogar en A Coruña se mantiene prácticamente inalterada desde el año 2010, quedando absolutamente desfasada tras más de una década de cambios legislativos en Galicia y en el Estado. Desde 2010 hasta hoy se aprobaron importantes disposiciones en materia de servicios sociales y en atención a la dependencia que hacen necesaria la adaptación de nuestro reglamento local. Hace falta destacar el Decreto 99/2012, de 16 de marzo, donde ya en la Disposición Adicional, en la disposición última, se pedía, se les obligaba a los ayuntamientos a adecuar sus ordenanzas a la normativa autonómica. También se sucedieron posteriores reformas, por ejemplo con el Decreto 149/2013, en el que se define la cartera de servicios para la autonomía personal, modificando aspectos cruciales, como la intensidad de la atención o la participación económica, entre otros.*

*También en el ámbito estatal la evolución del sistema de atención a la dependencia incidió directamente en el SAF, y voy a ir directamente al último decreto, que es el 675/2023, de 18 de julio, que introdujo mejoras importantes. Por una parte, la teleasistencia pasa a considerarse un servicio compatible y complementario que se garantiza como derecho subjetivo para todas las personas en situación de dependencia, y por otra parte se incrementan las horas máximas del SAF para cada grado de dependencia.*



Estas novidades normativas reforzan o modelo de atención centrada na persoa, nos que cremos absolutamente, e obrigan a actualizar os criterios municipais de prestación do servizo. En resumo, o marco legal actual desde que se aprobou a normativa que temos vixente en estes momentos queda totalmente desfasada e, polo tanto, resulta xustificada a necesidade de modificación e dun novo regulamento que sexa claro, moderno e sobre todo acorde á lexislación vixente.

Quero expoñer tamén os principais cambios que introduce esta nova ordenanza. Por exemplo, nas modalidades de servizo e acceso clarifícanse as modalidades de prestación do SAF distinguindo SAF dependencia, que é o que as persoas teñen recoñecido o grao de dependencia; SAF básico, que é o que asume o Concello; e tamén a modalidade de urxencia social para a atención inmediata en casos excepcionais. Defínense procedementos de solicitude e criterios de acceso e prioridade máis transparentes para cada modalidade.

Se falamos de intensidade na atención, establécense os novos rangos de intensidade horaria do servizo en consonancia coa normativa estatal e isto é algo absolutamente esencial. Pasaríamos de 20 a 37 horas ó mes para as persoas que teñen recoñecido o grao I; de 38 a 64 horas ó mes para aquelas persoas que teñen recoñecido un grao II de dependencia; e de 65 a 94 horas ó mes para as persoas que teñen recoñecido un grao III. Deste xeito, garántese que ningunha persoa en situación de dependencia quede cunha atención insuficiente por límites obsoletos, ampliando a cobertura do servizo segunda a gravidade ou necesidade de apoio.

*Estas novidades normativas refuerzan el modelo de atención centrada en la persona, en los que creemos absolutamente, y obligan a actualizar los criterios municipales de prestación del servicio. En resumen, el marco legal actual desde que se aprobó la normativa que tenemos vigente en estos momentos queda totalmente desfasada y, por lo tanto, resulta justificada la necesidad de modificación y de un nuevo reglamento que sea claro, moderno y sobre todo acorde a la legislación vigente.*

*Quiero exponer también los principales cambios que introduce esta nueva ordenanza. Por ejemplo, en las modalidades de servicio y acceso se clarifican las modalidades de prestación del SAF distinguiendo SAF dependencia, que es en el que las personas tienen reconocido el grado de dependencia; SAF básico, que es el que asume el Ayuntamiento; y también la modalidad de urgencia social para la atención inmediata en casos excepcionales. Se definen procedimientos de solicitud y criterios de acceso y prioridad más transparentes para cada modalidad.*

*Si hablamos de intensidad en la atención, se establecen los nuevos rangos de intensidad horaria del servicio en consonancia con la normativa estatal y esto es algo absolutamente esencial. Pasaríamos de 20 a 37 horas al mes para las personas que tienen reconocido el grado I; de 38 a 64 horas al mes para aquellas personas que tienen reconocido un grado II de dependencia; y de 65 a 94 horas al mes para las personas que tienen reconocido un grado III. De este modo, se garantiza que ninguna persona en situación de dependencia se quede con una atención insuficiente por límites obsoletos, ampliando la cobertura del servicio según la gravedad o necesidad de apoyo.*



No relativo ós dereitos das persoas usuarias ou a calidade do servizo, a nova ordenanza recolle expresamente dereitos, pero tamén deberes das persoas usuarias, reforza garantías de dignidade, confidencialidade e participación activa no seu plan de atención e satisfacción co servizo. Tamén se reforza o carácter preventivo e comunitario, ademais de coordinación institucional, por exemplo con outros servizos sociais especializados e tamén coa rede sanitaria

No relativo ó copago e á capacidade económica, actualízase o copagamento do servizo conforme ás directrices autonómicas vixentes. A capacidade económica dos usuarios será calculada polos baremos establecidos pola Xunta de Galicia en virtude do Decreto 149/2013 para as persoas en situación de dependencia e para as persoas que non teñen recoñecida unha dependencia, en virtude do decreto 99/2012. En base a esa capacidade económica aplicarase a nova táboa de participación económica aprobada polo Concello garantindo que o copago sexa proporcional ós ingresos de cada quen, o que permite compatibilizar a sostibilidade financeira coa protección das persoas con menos recursos.

Cabe destacar que esta ordenanza tramitouse de forma coordinada coa correspondente ordenanza fiscal reguladora da taxa, precisamente para asegurar unha aplicación correcta e homoxénea do novo servizo de copago, do novo sistema de copago.

No relativo ós procedementos e á xestión do servizo, a normativa municipal detalla agora con maior claridade os procedementos administrativos, dende a tramitación das solicitudes, a valoración técnica, a resolución da concesión, a organización da prestación e mesmo o

*En lo relativo a los derechos de las personas usuarias o la calidad del servicio, la nueva ordenanza recoge expresamente derechos, pero también deberes de las personas usuarias, refuerza garantías de dignidad, confidencialidad y participación activa en su plan de atención y satisfacción con el servicio. También se refuerza el carácter preventivo y comunitario, además de coordinación institucional, por ejemplo con otros servicios sociales especializados y también con la red sanitaria*

*En lo relativo al copago y a la capacidad económica, se actualiza el copago del servicio conforme a las directrices autonómicas vigentes. La capacidad económica de los usuarios será calculada por los baremos establecidos por la Xunta de Galicia en virtud del Decreto 149/2013 para las personas en situación de dependencia y para las personas que no tienen reconocida una dependencia, en virtud del decreto 99/2012. En base a esa capacidad económica se aplicará la nueva tabla de participación económica aprobada por el Ayuntamiento garantizando que el copago sea proporcional a los ingresos de cada quien, lo que permite compatibilizar la sostenibilidad financiera con la protección de las personas con menos recursos.*

*Cabe destacar que esta ordenanza se tramitó de forma coordinada con la correspondiente ordenanza fiscal reguladora de la tasa, precisamente para asegurar una aplicación correcta y homogénea del nuevo servicio de copago, del nuevo sistema de copago.*

*En lo relativo a los procedimientos y a la gestión del servicio, la normativa municipal detalla ahora con mayor claridad los procedimientos administrativos, desde la tramitación de las solicitudes, la valoración técnica, la resolución de la concesión, la*



seguimento periódico dos casos e a avaliación da calidade. Tamén se regulan os supostos de suspensión e extinción do servizo, sexa por melloría, ingreso nunha residencia, por renuncia e tamén por incumprimento de condicións. Isto tamén é fundamental para dotar ó sistema dunha seguridade xurídica.

En definitiva, a nova ordenanza moderniza e ordea todo o procedemento de prestación do SAF proporcionando un marco de actuación máis seguro e equitativo, e coherente no marco actual.

Para rematar, cómpre mencionar como foi elaborada esta ordenanza. O texto que sometemos hoxe á consideración do Pleno foi redactado tomando como base o modelo tipo de ordenanza municipal de SAF facilitado pola propia Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Ademais, a Área de Benestar do Concello traballou en estreita colaboración coa Inspección autonómica de Servizos Sociais durante a súa redacción. Esta coordinación institucional é garantía de rigor técnico e de legalidade.

En nome do Goberno municipal solicitamos o apoio dos grupos da coordinación... da Corporación, perdón, para esta nova ordenanza. Trátase dun paso moi importante para actualizar e reforzar o servizo de axuda no fogar garantindo unha prestación de maior calidade, máis xusta e adaptada ás necesidades da veciñanza. Co seu debate e aprobación inicial de hoxe avanzamos na tramitación dun marco normativo renovado que sen dúbida redundará no benestar das persoas maiores en situación de vulnerabilidade ou en situación de dependencia do noso concello.

Polo de agora nada máis, moitas grazas.

*organización de la prestación e incluso el seguimiento periódico de los casos y la evaluación de la calidad. También se regulan los supuestos de suspensión y extinción del servicio, sea por mejoría, ingreso en una residencia, por renuncia y también por incumplimiento de condiciones. Esto también es fundamental para dotar al sistema de una seguridad jurídica.*

*En definitiva, la nueva ordenanza moderniza y ordena todo el procedimiento de prestación del SAF proporcionando un marco de actuación más seguro y equitativo, y coherente en el marco actual.*

*Para finalizar, hay que mencionar cómo fue elaborada esta ordenanza. El texto que sometemos hoy a la consideración del Pleno fue redactado tomando como base el modelo tipo de ordenanza municipal de SAF facilitado por la propia Consellería de Política Social de la Xunta de Galicia. Además, el Área de Bienestar del Ayuntamiento trabajó en estrecha colaboración con la Inspección autonómica de Servicios Sociales durante su redacción. Esta coordinación institucional es garantía de rigor técnico y de legalidad.*

*En nombre del Gobierno municipal solicitamos el apoyo de los grupos de la coordinación... de la Corporación, perdón, para esta nueva ordenanza. Se trata de un paso muy importante para actualizar y reforzar el servicio de ayuda en el hogar garantizando una prestación de mayor calidad, más justa y adaptada a las necesidades del vecindario. Con su debate y aprobación inicial de hoy avanzamos en la tramitación de un marco normativo renovado que sin duda redundará en el bienestar de las personas mayores en situación de vulnerabilidad o en situación de dependencia de nuestro ayuntamiento.*

*Por ahora nada más, muchas gracias.*



**Presidencia**

Moitas grazas, señora Canosa. Comezamos o debate. Turno do BNG, señor Soto.

**Ás dez horas e trinta minutos sae do Salón de Sesións o señor Lorenzo Torres.**

**Señor Soto Díaz**

Grazas, señora alcaldesa. Quero comezar, como é habitual, por saudar as persoas presentes, as compañeiras e compañeiros de Corporación, as compañeiras..., bueno, o persoal de prensa e o persoal laboral e funcional do Concello.

Ben, a nosa posición, a posición do BNG sobre o SAF é de sobra coñecida. Nós consideramos que a promoción da autonomía persoal das persoas en situación de dependencia é un dereito que os poderes públicos temos que garantir e o certo é que é o estado actual do servizo de atención no fogar a nivel de toda Galiza, a nivel nacional, é de infrafinanciamento por parte da Xunta. É certo que a Xunta denuncia un infrafinanciamento por parte do Estado, eu creo que bueno, seguramente haxa razón niso, de acordo, pero o real, o que temos agora é que a Fegamp está pedindo un financiamento de 22 € por hora mentres a Xunta financia con 12. Eu preguntome a veces donde mete a Xunta eses cartos, onde van a parar eses cartos. Eu creo que hai que denunciar, que hai que priorizar a atención dos dereitos que máis necesitan as persoas máis vulnerables da sociedade, non? E este infrafinanciamento trae problemas financeiros nos concellos, no Concello da Coruña, que é un concello moi grande, se cadra non se nota tanto, de acordo, porque temos unha caixa, temos unha capacidade

**Presidencia**

*Muchas grazas, señora Canosa. Comenzamos el debate. Turno del BNG, señor Soto.*

***A las diez horas y treinta minutos sale del Salón de Sesiones el señor Lorenzo Torres.***

**Señor Soto Díaz**

*Gracias, señora alcaldesa. Quiero comenzar, como es habitual, por saludar a las personas presentes, a las compañeras y compañeros de Corporación, a las compañeras..., bueno, al personal de prensa y al personal laboral y funcional del Ayuntamiento.*

*Bien, nuestra posición, la posición del BNG sobre el SAF es de sobra conocida. Nosotros consideramos que la promoción de la autonomía personal de las personas en situación de dependencia es un derecho que los poderes públicos tenemos que garantizar y lo cierto es que es el estado actual del servicio de atención en el hogar a nivel de toda Galicia, a nivel nacional, es de infrafinanciación por parte de la Xunta. Es cierto que la Xunta denuncia una infrafinanciación por parte del Estado, yo creo que bueno, seguramente haya razón en eso, de acuerdo, pero lo real, lo que tenemos ahora es que la Fegamp está pidiendo una financiación de 22 € por hora mientras la Xunta financia con 12. Yo me pregunto a veces dónde mete la Xunta ese dinero, dónde va a parar ese dinero. Yo creo que hay que denunciar, que hay que priorizar la atención de los derechos que más necesitan las personas más vulnerables de la sociedad, ¿no? Y esta infrafinanciación trae problemas financieros en los ayuntamientos, en el Ayuntamiento de A Coruña, que es un ayuntamiento muy grande, a lo mejor no se nota tanto, de acuerdo, porque tenemos*



financeira bastante, bastante importante, pero en concellos pequenos con poboación avellentada, con poboación dispersa e a carga financeira que supón o SAF, é realmente desorbitada. Por iso hai denuncias de alcaldías, non só do BNG, que podemos dicir: bueno, non, é que é unha cousa de nacionalistas. Non só é unha cousa do BNG, tamén é unha cousa do PSOE e tamén é unha cousa de alcaldías do Partido Popular que están dicindo que o SAF para elas é un problema económico e acuciante.

Nós consideramos que o Goberno local, por tanto, o que ten que facer primeiro de nada é exixirle á Xunta que asuma as súas competencias en vez de agachar a cabeza. Se a Inspección de Servizos Sociais, como fixo coa Ordenanza fiscal, é a que di cal é a redacción da Ordenanza fiscal e cal teñen que ser os tramos, que a min persoalmente non me gustan porque creo que non son xustos os tramos de copago e os tramos a partir dos cales se empeza a pagar o servizo, eu creo que a Xunta tamén ten que responsabilizarse do financiamento suficiente do servizo.

En fin, cando as administracións non cumpren coas súas obrigas alguén acaba sempre pagando e neste caso quen pagan son as traballadoras, sobre todo as traballadoras e as usuarias tamén, pero sobre todo as traballadoras. Hai moitos casos de baixas laborais por doenzas físicas, pero tamén psicolóxicas; hai unha retribución moi, moi, moi escasa polo servizo. Dicíanme as traballadoras nunha reunión que tivemos aí hai uns meses atrás que si elas van a un domicilio e a persoa que teñen que atender non está porque ten que ir a unha cita médica, ese día non se cobra e, en fin, non se están vixiando nalgúns casos por algunhas empresas —ou non se estaban vixiando ata hai unhas semanas atrás— os riscos

*una caja, tenemos una capacidad financiera bastante, bastante importante, pero en ayuntamientos pequeños con población avejentada, con población dispersa y la carga financiera que supone el SAF, es realmente desorbitada. Por eso hay denuncias de alcaldías, no solo del BNG, que podemos decir: bueno, no, es que es una cosa de nacionalistas. No solo es una cosa del BNG, también es una cosa del PSOE y también es una cosa de alcaldías del Partido Popular que están diciendo que el SAF para ellas es un problema económico y acuciante.*

*Nosotros consideramos que el Gobierno local, por tanto, lo que tiene que hacer antes que nada es exigirle a la Xunta que asuma sus competencias en vez de agachar la cabeza. Si la Inspección de Servicios Sociales, como hizo con la Ordenanza fiscal, es la que dice cuál es la redacción de la Ordenanza fiscal y cual tienen que ser los tramos, que a mí personalmente no me gustan porque creo que no son justos los tramos de copago y los tramos a partir de los cuales se empieza a pagar el servicio, yo creo que la Xunta también tiene que responsabilizarse de la financiación suficiente del servicio.*

*En fin, cuando las administraciones no cumplen sus obligaciones alguien acaba siempre pagando y en este caso quienes pagan son las trabajadoras, sobre todo las trabajadoras y las usuarias también, pero sobre todo las trabajadoras. Hay muchos casos de bajas laborales por dolencias físicas, pero también psicológicas; hay una retribución muy, muy, muy escasa por el servicio. Me decían las trabajadoras en una reunión que tuvimos ahí hace unos meses atrás que si ellas van a un domicilio y la persona que tienen que atender no está porque tiene que ir a una cita médica, ese día no se cobra y, en fin, no se están vigilando en algunos casos por algunas empresas —o no se estaban vigilando hasta hace unas semanas atrás— los*



laborais e non se estaban impartindo os cursos de riscos laborais que hai que impartir e, en fin, segue sen redactarse aínda a día de hoxe un protocolo contra o acoso que protexa as traballadoras.

Nós imos votar a favor desta ordenanza, cremos que é necesaria actualizar, cremos que hai ademais novidades legislativas que son positivas e aí concordamos plenamente co que ten expresado a señora Canosa, sobre todo no que ten que ver con incrementos de horas de atención ás persoas dependentes, no que ten que ver coa xeralización da teleasistencia, pero ollo, cremos que hai deberes importantes que quedan aínda por facer, cremos que a Xunta aínda ten que asumir a súa responsabilidade financeira co SAF, cremos que o Concello ten que denunciar o infrafinanciamento da Xunta e cremos que o Concello e a Xunta, e se queren tamén, por que non, o Goberno central, teñen que deixar de tratar mal as traballadoras que traballan no SAF.

Moitas grazas.

**Ás dez horas e trinta e tres minutos entra no Salón de Sesións o señor Lorenzo Torres.**

### **Presidencia**

Moitas grazas, señor Soto, grazas ó BNG. Turno para o Partido Popular, señora López.

### **Señora López Sánchez**

Grazas, señora alcaldesa. Bo día a todos e a todas.

Miren, o 11 % da poboación coruñesa, das familias coruñesas, teñen serios problemas para chegar a final de mes e o

*riesgos laborales y no se estaban impartiendo los cursos de riesgos laborales que hay que impartir y, en fin, sigue sin redactarse aún a día de hoy un protocolo contra el acoso que proteja a las trabajadoras.*

*Nosotros vamos a votar a favor de esta ordenanza, creemos que es necesaria actualizar, creemos que hay además novedades legislativas que son positivas y ahí concordamos plenamente con lo que ha expresado la señora Canosa, sobre todo en lo que tiene que ver con incrementos de horas de atención a las personas dependientes, en lo que tiene que ver con la generalización de la teleasistencia, pero ojo, creemos que hay deberes importantes que quedan aún por hacer, creemos que la Xunta aún tiene que asumir su responsabilidad financiera con el SAF, creemos que el Ayuntamiento tiene que denunciar la infrafinanciación de la Xunta y creemos que el Ayuntamiento y la Xunta, y si quieren también, por qué no, el Gobierno central, tienen que dejar de tratar mal a las trabajadoras que trabajan en el SAF.*

*Muchas gracias.*

***A las diez horas y treinta y tres minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Lorenzo Torres.***

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señor Soto, gracias al BNG. Turno para el Partido Popular, señora López.*

### **Señora López Sánchez**

*Gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todos y a todas.*

*Miren, el 11 % de la población coruñesa, de las familias coruñesas, tienen serios problemas para llegar a final de mes y el*



20 % da poboación está en risco de pobreza ou de exclusión social e ante este panorama vostedes propoñen unha modificación do servizo no fogar, unha modificación da Ordenanza que o regula para que as persoas teñan que pagar aínda máis por recibir este servizo, un servizo que, lle recordo, é un servizo comunitario básico, que atende a persoas vulnerables, a persoas con discapacidade, a persoas en situación de dependencia, a persoas maiores e que é fundamental e necesario para tentar que estas persoas poidan continuar cunha vida digna e autónoma nos seus domicilios.

Ben, pero que dicir, se vostedes manteñen unha residencia para persoas maiores paralizada, como é a residencia de Eirís, dende xuño do ano pasado porque falta a licenza de primeira ocupación, manteñen paralizadas 150 prazas públicas dunha residencia construída e cedida pola Fundación Amancio Ortega á Xunta, pero bueno.


*Que fixeron coa bolsa que agora reactivan e que me alegro que a reactiven? Esa bolsa de solo que teñen no Campus de Elviña que estaba planificada para vivendas para mozas e para vivendas para estudantes. Que fixeron desde 2009, que se acordaron en pleno 2025 de que a tiñan aí? Que necesario tería sido en plena crise inmobiliaria que se desenvolvera esa bolsa de solo, tanto para estudantes como para mozos, e acórdanse agora, paréceme estupendo. Sempre lle digo aquí neste pleno que estamos a notar cambios nos últimos anos, non sei se son reais porque un convencemento e unha crenza de que a política de vivenda merece a pena ou electorais, dáme igual, é certo que se están poñendo as pilas, pero que fixeron desde 2009 a 2023? A ver se o problema vai ser a Lei de vivenda e non que non se executase o diñeiro da Xunta en materia de vivenda na cidade, porque lle digo: 40 vivendas públicas entregáronse de 2009 a 2023. Por tanto, non busquen culpables sendo vostedes os que gobernan a administración que ten as competencias de vivenda.*

*E despois, volvo ó mesmo, que lles estou escoitando esta semana tanto a vostedes como aos representantes da Xunta de Galicia sacar as súas propias conclusións sobre o funcionamento da zona de mercado residencial tensado. Primeiro, Coruña é a única cidade que baixou o prezo da vivenda nos últimos meses, a única. É unha baixada enorme, substancial? Non, pero é unha baixada e polo menos o que demostra é que se*

ejecución del presupuesto del IGVS año tras año, los millones que se dejan sin ejecutar, cuéntenme ustedes por qué en plena crisis inmobiliaria en este país la Xunta no desarrolló ni una sola vivienda pública ni un solo suelo en ninguna ciudad de Galicia para construir vivienda pública.

¿Qué hicieron con la bolsa que ahora reactivan y que me alegro que la reactiven? Esa bolsa de suelo que tienen en el Campus de Elviña que estaba planificada para viviendas para jóvenes y para viviendas para estudiantes ¿Qué hicieron desde 2009, que se acordaron en pleno 2025 de que la tenían ahí? Qué necesario hubiese sido en plena crisis inmobiliaria que se hubiese desarrollado esa bolsa de suelo, tanto para estudiantes como para jóvenes, y se acuerdan ahora, me parece estupendo. Siempre le digo aquí en este pleno que estamos notando cambios en los últimos años, no sé si son reales porque un convencimiento y una creencia de que la política de vivienda merece la pena o electorales, me da igual, es cierto que se están poniendo las pilas, pero ¿qué hicieron desde 2009 a 2023? A ver si el problema va a ser la Ley de vivienda y no que no se ejecutase el dinero de la Xunta en materia de vivienda en la ciudad, porque le digo: 40 viviendas públicas se entregaron de 2009 a 2023. Por lo tanto, no busquen culpables siendo ustedes los que gobiernan la administración que tiene las competencias de vivienda.

Y después, vuelvo a lo mismo, que les estoy escuchando esta semana tanto a ustedes como a los representantes de la Xunta de Galicia sacar sus propias conclusiones sobre el funcionamiento de la zona de mercado residencial tensionado. Primero, Coruña es la única ciudad que ha bajado el precio de la vivienda en los últimos meses, la única ¿Es una bajada enorme, sustancial? No, pero es una bajada y por lo menos lo que demuestra es que se



*parou ese incremento masivo que levabamos sufrindo nos últimos anos. Por tanto, a medida é necesaria e a medida deu os seus froitos. E despois é certo plenamente...*

*Home, os datos poden vostedes retorcelos como lles dea a gana, pero non se poden comparar datos de fianzas de xullo con datos de fianzas de decembro. Terán vostedes que coller o mesmo mes do ano pasado e entón falamos. Do mesmo xeito que non poden comparar datos de paro de setembro con datos de paro doutro mes do ano porque todos sabemos que en setembro se despide xente que se contratou para o verán. Pois nas fianzas é o mesmo: xullo é un mes de fianzas tradicionalmente no que se realizan alugueres e decembro non. Por tanto, non poden comparar allos con bugallos para que lles saian os datos que vostedes queren que lles saian.*

*A realidade é que a zona de mercado residencial tensionado está a dar os seus froitos, está a dar os seus froitos de maneira, pois de momento lenta e de maneira, pois obviamente non son unhas baixadas exponenciais porque non se produce así, o cambio no mercado de vivenda non é un cambio automático, pero si demostra que tivo éxito, como está a ter éxito noutras cidades de España, porque a realidade é que en cidades como as catalás está a baixarse tamén o prezo da vivenda sen que iso afecte á oferta porque por máis que o digan non está a afectar á oferta, non está a afectar á oferta e se se está incrementando o aluguer de tempada, que está a ocorrer, que é a costa, doutra banda, do aluguer de uso turístico, que iso si que o estamos detectando, que hai unha baixada das vivendas de uso turístico e que se pasan a aluguer de tempada, como xa lle dixen nun pleno fai non moito, benvido sexa.*

*O aluguer de tempada vai solucionar,*

ha parado ese incremento masivo que llevábamos sufriendo en los últimos años. Por lo tanto, la medida es necesaria y la medida ha dado sus frutos. Y después es cierto plenamente...

Hombre, los datos pueden ustedes retorcerlos como les dé la gana, pero no se pueden comparar datos de fianzas de julio con datos de fianzas de diciembre. Tendrán ustedes que coger el mismo mes del año pasado y entonces hablamos. Del mismo modo que no pueden comparar datos de paro de septiembre con datos de paro de otro mes del año porque todos sabemos que en septiembre se despide gente que se contrató para el verano. Pues en las fianzas es lo mismo: julio es un mes de fianzas tradicionalmente en el que se realizan alquileres y diciembre no. Por lo tanto, no pueden comparar churras con merinas para que les salgan los datos que ustedes quieren que les salgan.

La realidad es que la zona de mercado residencial tensionado está dando sus frutos, está dando sus frutos de manera, pues de momento lenta y de manera, pues obviamente no son unas bajadas exponenciales porque no se produce así, el cambio en el mercado de vivienda no es un cambio automático, pero sí demuestra que ha tenido éxito, como está teniendo éxito en otras ciudades de España, porque la realidad es que en ciudades como las catalanas se está bajando también el precio de la vivienda sin que eso afecte a la oferta porque por más que lo digan no está afectando a la oferta, no está afectando a la oferta y si se está incrementando el alquiler de temporada, que está ocurriendo, que es a costa, por otro lado, del alquiler de uso turístico, que eso sí que lo estamos detectando, que hay una bajada de las viviendas de uso turístico y que se pasan a alquiler de temporada, como ya le dije en un pleno hace no mucho, bienvenido sea.

El alquiler de temporada va a solucionar,



*entre outras cousas, o problema do acceso ó aluguer dos estudantes desta cidade. Se se pasa do turístico ó de tempada pareceranos estupendo. Mentres o aluguer tradicional non baixe, que non baixa, por máis que vostedes collan meses que non poden compararse para comparalos.*

*Por tanto, reitero, deixen de buscar problemas onde non os hai, deixen de botarlle a culpa a leis que están a funcionar e pensen se se cadra teñen algún tipo de responsabilidade cando levan gobernando desde o ano 2009 e non executaron nin unha soa política de vivenda na cidade tendo bolsas de solo para poder facelo, porque non é que non tivesen bolsas de solo para poder facelo **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**. Perdoe, acabo, xa acabo.*

*E doutra banda, señora Veira, no que respecta á necesidade de equipamentos e da necesidade de que se desenvolvan equipamentos neses novos barrios, desde logo o Concello ten parcelas neses desenvolvementos e parcelas nos desenvolvementos lindeiros a dispoñibilidade da Xunta de Galicia para que se fagan os centros de saúde que se teñan que facer, se fagan os institutos que se teñan que facer, como veñen demandando barrios como pode ser Novo Mesoiro ou como veñen demandando noutras zonas da cidade. Só falta que haxa interese, desde logo, da administración que ten que construír eses equipamentos para que se constrúan, desde logo. En todo caso, no ámbito de Labañou, é un dato por comprobar, nin os colexios cubriron todas as súas prazas nin as escolas infantís tampouco. Por tanto, non hai saturación nos centros escolares na contorna de Labañou que poida motivar que Percebeiras vaia provocar un colapso nos centros educativos. Nin o colexio Pardo Bazán*

entre otras cosas, el problema del acceso al alquiler de los estudiantes de esta ciudad. Si se pasa del turístico al de temporada nos parecerá estupendo. Mientras el alquiler tradicional no baje, que no baja, por más que ustedes cojan meses que no pueden compararse para compararlos.

Por lo tanto, reitero, dejen de buscar problemas donde no los hay, dejen de echarle la culpa a leyes que están funcionando y piensen si a lo mejor tienen algún tipo de responsabilidad cuando llevan gobernando desde el año 2009 y no han ejecutado ni una sola política de vivienda en la ciudad teniendo bolsas de suelo para poder hacerlo, porque no es que no tuviesen bolsas de suelo para poder hacerlo *(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*. Perdome, acabo, ya acabo.

Y por otro lado, señora Veira, en lo que respecta a la necesidad de equipamientos y de la necesidad de que se desarrollen equipamientos en esos nuevos barrios, desde luego el Ayuntamiento tiene parcelas en esos desarrollos y parcelas en los desarrollos colindantes a disponibilidad de la Xunta de Galicia para que se hagan los centros de salud que se tengan que hacer, se hagan los institutos que se tengan que hacer, como vienen demandando barrios como puede ser Novo Mesoiro o como se vienen demandando en otras zonas de la ciudad. Solo falta que haya interés, desde luego, de la administración que tiene que construir esos equipamientos para que se construyan, desde luego. En todo caso, en el ámbito de Labañou, es un dato por comprobar, ni los colegios han cubierto todas sus plazas ni las escuelas infantiles tampoco. Por tanto, no hay saturación en los centros escolares en el entorno de Labañou que pueda motivar que Percebeiras vaya a provocar un colapso en los centros educativos. Ni el colegio Pardo Bazán ni el colegio de Prácticas ni la



*nin o colexio de Prácticas nin a escola infantil de Rosales cubriron as súas prazas.*

*Nada máis, grazas.*

### **Presidencia**

Moitas grazas, señor Díaz.

Pasamos á votación deste asunto número cinco.

### **Votación do asunto número cinco**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número cinco relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota en contra o Grupo municipal do Partido Popular (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

### **Presidencia**

Grazas. Queda aprobado.

### **Acordo**

Primeiro. Aprobar a proposta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamento e outorgamento de licenzas de parcelación de terreos e edificación no eido do plan especial de Labañou, segundo a delimitación grafitada no plano número 1 adxunto, polo prazo máximo dun (1) ano, coa finalidade de estudar a súa modificación, de conformidade co disposto no artigo 41 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG/16), e no artigo 86 do seu Regulamento de desenvolvemento.

escuela infantil de Rosales han cubierto sus plazas.

Nada más, gracias.

### **Presidencia**

Muchas gracias, señor Díaz.

*Pasamos a la votación de este asunto número cinco.*

### **Votación del asunto número cinco**

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número cinco relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota en contra el Grupo municipal del Partido Popular (11 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

### **Presidencia**

*Gracias. Queda aprobado.*

### **Acuerdo**

*Primero. Aprobar la propuesta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamiento y otorgamiento de licencias de parcelación de terrenos y edificación en el ámbito del plan especial de Labañou, según la delimitación grafiada en el plano número 1 adjunto, por el plazo máximo de un (1) año, con la finalidad de estudiar su modificación, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 41 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia (LSG/16), y en el artículo 86 de su Reglamento de desarrollo.*



A suspensión non afectará ás obras ou actividades sinaladas no art. 86.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que foi aprobado o regulamento da Lei do solo de Galicia (RLSG/16), para os casos nos que resulte de aplicación, nin aos usos e obras provisionais previstos no artigo 89 da LSG/16 (art. 204 do RLSG/16).

Esta suspensión extinguirase polo transcurso do prazo indicado, ou pola aprobación inicial da modificación puntual, en cuxo caso entraría en vigor a suspensión prevista no artigo 47.2 da LSG/16.

Segundo. Publicar o acordo de suspensión no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, así como na sede electrónica do Concello.

Terceiro. Notificar este acordo aos Servizos e Departamentos municipais implicados na execución do planeamento.

## ASUNTO 6

**7. Expediente 631/2016/299**  
**Aprobación provisional da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña para a incorporación de elementos ao Catálogo coas modificacións derivadas da consulta efectuada ao Servizo de Patrimonio Cultural.**

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 12 de xaneiro de 2026, cos votos a favor do Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE e as abstencións dos grupos municipais do Partido Popular e do

*La suspensión no afectará a las obras o actividades señaladas en el art. 86.3 del Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, por el que fue aprobado el reglamento de la Ley del suelo de Galicia (RLSG/16), para los casos en los que resulte de aplicación, ni a los usos y obras provisionales previstos en el artículo 89 de la LSG/16 (art. 204 del RLSG/16).*

*Esta suspensión se extinguirá por el transcurso del plazo indicado, o por la aprobación inicial de la modificación puntual, en cuyo caso entraría en vigor la suspensión prevista en el artículo 47.2 de la LSG/16.*

*Segundo. Publicar el acuerdo de suspensión en el Diario Oficial de Galicia y en uno de los periódicos de mayor difusión de la provincia, así como en la sede electrónica del Ayuntamiento.*

*Tercero. Notificar este acuerdo a los Servicios y Departamentos municipales implicados en la ejecución del planeamiento.*

## ASUNTO 6

**7. Expediente 631/2016/299**  
**Aprobación provisional de la modificación puntual del Plan General de Ordenación Municipal de A Coruña para la incorporación de elementos al Catálogo con las modificaciones derivadas de la consulta efectuada al Servicio de Patrimonio Cultural.**

*Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 12 de enero de 2026, con los votos a favor del Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE y las abstenciones de los grupos municipales del Partido Popular y del*



Bloque Nacionalista Galego, proponendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes nos propios termos da proposta formulada e coa motivación *in aliunde* nos informes obrantes no expediente:

Primeiro. Manter no seus propios termos no afectado por este acordo, a toma de coñecemento e aprobación do informe de contestación ás alegacións redactado polo equipo redactor e inserido como anexo I da Memoria xustificativa do documento da modificación puntual do Plan Xeral, aprobado polo Pleno municipal do 02.10.2025, coas modificacións derivadas da consulta efectuada o 02.01.2026 ao Servizo de Patrimonio Cultural da Coruña, que non se consideran substanciais.

Segundo. Aprobar provisionalmente o documento denominado “Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña, para incorporación de elementos ao catálogo, documento 1, separata 2. (Cambios consulta Servizo Patrimonio Cultural Coruña 02/01/2026). Xaneiro 2026”, redactado polos arquitectos Alfredo Garrote Pazos, Mónica Mesejo Conde e Sara Prieto Hortas, cos números de colexiados do COAG 1440, 1475 e 4754, respectivamente, presentado o 08.01.2026, co CSV 344E55720Q424Z6A06FL, que incorpora as modificacións indicadas polo Servizo de Patrimonio Cultural da Coruña na consulta efectuada o 02.01.2026, e complementa o documento aprobado provisionalmente polo Pleno do 02.10.2025, toda vez que mantén no substancial o contido deste.

Terceiro. Remitir este acordo, xunto cun exemplar do documento técnico aprobado provisionalmente, á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia;

*Bloque Nacionalista Galego, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes en los propios términos de la propuesta formulada y con la motivación “in aliunde” en los informes obrantes en el expediente:*

*Primero. Mantener en sus propios términos en lo afectado por este acuerdo, la toma de conocimiento y aprobación del informe de contestación a las alegaciones redactado por el equipo redactor e incluido como anexo I de la Memoria justificativa del documento de la modificación puntual del Plan General, aprobado por el Pleno municipal del 02.10.2025, con las modificaciones derivadas de la consulta efectuada el 02.01.2026 al Servicio de Patrimonio Cultural de A Coruña, que no se consideran sustanciales.*

*Segundo. Aprobar provisionalmente el documento denominado “Modificación puntual del Plan General de Ordenación Municipal de A Coruña, para incorporación de elementos al catálogo, documento 1, separata 2. (Cambios consulta Servicio Patrimonio Cultural Coruña 02/01/2026). Enero 2026”, redactado por los arquitectos Alfredo Garrote Pazos, Mónica Mesejo Conde y Sara Prieto Hortas, con los números de colegiados del COAG 1440, 1475 y 4754, respectivamente, presentado el 08.01.2026, con el CSV 344E55720Q424Z6A06FL, que incorpora las modificaciones indicadas por el Servicio de Patrimonio Cultural de A Coruña en la consulta efectuada el 02.01.2026, y complementa el documento aprobado provisionalmente por el Pleno del 02.10.2025, toda vez que mantiene el contenido sustancial de este.*

*Tercero. Remitir este acuerdo, junto con un ejemplar del documento técnico aprobado provisionalmente, a la Dirección General de Patrimonio de la Xunta de Galicia; a los*



para os efectos da emisión do informe previsto no artigo 34.2, da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Cuarto. Achegar copia do expediente, xunto co documento debidamente dilixenciado á consellaría competente en materia de ordenación do territorio, para a emisión do informe preceptivo e vinculante previsto no artigo 60, parágrafo 15, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo. 144.15 do Regulamento de desenvolvemento da Lei), así como para os efectos da emisión do informe autonómico en materia de costas.

Quinto. Notificar este acordo aos servizos e departamentos municipais interesados na tramitación deste expediente.

Sexto. Facultar á Alcaldía-Presidencia, en execución deste acordo, para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin deste.

### **Intervencións**

#### **Presidencia**

Asunto seis, último da Parte Resolutiva.  
Señor secretario.

#### **Señor Secretario**

Asunto número seis, Aprobación provisional da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña para a incorporación de elementos ao Catálogo coas modificacións derivadas da consulta efectuada ao Servizo de Patrimonio Cultural, acordo que require maioría absoluta legal.

#### **Presidencia**

*efectos de la emisión del informe previsto en el artículo 34.2, de la Ley 5/2016, de 4 de mayo, del patrimonio cultural de Galicia.*

*Cuarto. Remitir copia del expediente, junto con el documento debidamente diligenciado a la consejería competente en materia de ordenación del territorio, para la emisión del informe preceptivo y vinculante previsto en el artículo 60, párrafo 15, de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del Suelo de Galicia (artículo. 144.15 del Reglamento de desarrollo de la Ley), así como a los efectos de la emisión del informe autonómico en materia de costas.*

*Quinto. Notificar este acuerdo a los servicios y departamentos municipales interesados en la tramitación de este expediente.*

*Sexto. Facultar a la Alcaldía-Presidencia, en ejecución de este acuerdo, para la realización de cuantos actos, trámites o gestiones sean procedentes para el buen fin de este.*

### **Intervenciones**

#### **Presidencia**

*Asunto seis, último de la Parte Resolutiva.  
Señor secretario.*

#### **Señor Secretario**

*Asunto número seis, Aprobación provisional de la modificación puntual del Plan General de Ordenación Municipal de A Coruña para la incorporación de elementos al Catálogo con las modificaciones derivadas de la consulta efectuada al Servicio de Patrimonio Cultural, acuerdo que requiere mayoría absoluta legal.*

#### **Presidencia**



Ben, moitas grazas, señor secretario. Novamente ten a palabra o concelleiro de Urbanismo e despois unha quenda de debate única de tres minutos. Señor Díaz.

**Señor Díaz Gallego**

Si, grazas, alcaldesa.

*Ben, moi breves neste asunto porque realmente este asunto, como se di, veu a Pleno no mes de outubro e foi aprobado provisionalmente, como ese paso previo para a aprobación definitiva desta separata, este documento do Catálogo. É certo que, bo, o que motiva o que hoxe esteamos outra vez aquí co documento do Catálogo é, bo, unha reunión que tivo lugar en xaneiro de 2026 coa Dirección Xeral de Patrimonio, bo, dado que o seu informe é preceptivo para a aprobación definitiva, non? do documento. Nesa reunión por parte da Dirección Xeral solicítansenos unha serie de cambios no documento, algúns cambios de criterio en canto ás catalogacións e outros cambios por erros materiais que había no documento, para poder asinar e remitir un informe favorable que é necesario, como digo, para a aprobación definitiva.*

*Por tanto, dado que os cambios que propoñía Patrimonio para ese informe favorable, bo, pois entendíamos que requirían un novo visto e prace da Corporación municipal, traemos o documento de novo hoxe aquí sen que haxa, como digo, grandes variacións con respecto ó que se aprobou xa por parte desta corporación no mes de outubro de 2025.*

*Moi por encima, no que respecta a os cambios, como saben, este documento afecta sobre todo o Camiño de Santiago, ó trazado do Camiño de Santiago na cidade, a elementos etnográficos e a novos elementos arquitectónicos*

*Bien, muchas gracias, señor secretario. Nuevamente tiene la palabra el concejal de Urbanismo y después un turno de debate único de tres minutos. Señor Díaz.*

**Señor Díaz Gallego**

Sí, gracias, alcaldesa.

Bueno, muy breves en este asunto porque realmente este asunto, como se dice, vino a Pleno en el mes de octubre y fue aprobado provisionalmente, como ese paso previo para la aprobación definitiva de esta separata, este documento del Catálogo. Es cierto que, bueno, lo que motiva el que hoy estemos otra vez aquí con el documento del Catálogo es, bueno, una reunión que tuvo lugar en enero de 2026 con la Dirección Xeral de Patrimonio, bueno, dado que su informe es preceptivo para la aprobación definitiva ¿no? del documento. En esa reunión por parte de la Dirección Xeral se nos solicitan una serie de cambios en el documento, algunos cambios de criterio en cuanto a las catalogaciones y otros cambios por errores materiales que había en el documento, de cara a poder firmar y remitir un informe favorable que es necesario, como digo, para la aprobación definitiva.

Por lo tanto, dado que los cambios que proponía Patrimonio para ese informe favorable, bueno, pues entendíamos que requirían un nuevo visto bueno de la Corporación municipal, traemos el documento de nuevo hoy aquí sin que haya, como digo, grandes variaciones con respecto a lo que se aprobó ya por parte de esta corporación en el mes de octubre de 2025.

Muy por encima, en lo que respecta a los cambios, como saben, este documento afecta sobre todo al Camino de Santiago, al trazado del Camino de Santiago en la ciudad, a elementos etnográficos y a nuevos elementos arquitectónicos



*catalogados. No que respecta ó Camiño de Santiago o que solicita Patrimonio é que se elimine nos planos o ámbito xeográfico da implantación do territorio histórico do Camiño debido a que considera que en zonas urbanas non é obrigado incluílo e, por tanto, bo, elimínase e elimínase tamén da lenda todo o referente ó Camiño de Santiago, aínda que se incorporan as denominacións do Camiño no documento.*

*Tamén hai unha serie de cambios en canto ás fontes porque se arrastraba un erro que consideraba que as fontes eran BIC xenéricos. Realmente non son elementos BIC, son elementos con catalogación integral e iso, pois motiva tamén cambios na catalogación deses elementos.*

**Ás once horas e vinte e oito minutos sae do Salón de Sesións o señor Mora do Campo.**

*E despois, bo, numerosos cambios puntuais en edificios e en elementos arquitectónicos que nos trasladou pola súa banda a Xunta de Galicia, cambios de numeración, fusión de ámbitos onde, bo, creouse un ámbito novo que se fusiona cun ámbito que xa existía, elementos que a Xunta de Galicia considera que non deben ser catalogados e que, bo, podemos chegar a compartir e por tanto introducímolo, como pode ser esa esquina da rúa San Luís coa Rolda de Outeiro que realmente está afectada por unha aliñación e que, bo, pois se cadra pode ser máis interesante, dado que non ten grande valor arquitectónico, que se remate esa esquina cun edificio mellor e que resolva mellor ese problema, ou elementos como os da rúa Vila de Laxe que, bo, o que motivaba a catalogación era un edificio que xa ten licenza e que se está alterando, e por tanto non contén valores arquitectónicos e os dous que se*

catalogados. En lo que respecta al Camino de Santiago lo que solicita Patrimonio es que se elimine en los planos el ámbito geográfico de la implantación del territorio histórico del Camino puesto que considera que en zonas urbanas no es obligado incluirlo y, por tanto, bueno, se elimina y se elimina también de la leyenda todo lo referente al Camino de Santiago, aunque se incorporan las denominaciones del Camino en el documento.

También hay una serie de cambios en cuanto a las fuentes porque se arrastraba un error que consideraba que las fuentes eran BIC genéricos. Realmente no son elementos BIC, son elementos con catalogación integral y eso, pues motiva también cambios en la catalogación de esos elementos.

**A las once horas y veintiocho minutos sale del Salón de Sesiones el señor Mora do Campo.**

Y después, bueno, numerosos cambios puntuales en edificios y en elementos arquitectónicos que nos ha trasladado por su parte la Xunta de Galicia, cambios de numeración, fusión de ámbitos donde, bueno, se había creado un ámbito nuevo que se fusiona con un ámbito que ya existía, elementos que la Xunta de Galicia considera que no deben ser catalogados y que, bueno, podemos llegar a compartir y por tanto lo hemos introducido, como puede ser esa esquina de la calle San Luis con la Ronda de Outeiro que realmente está afectada por una alineación y que, bueno, pues a lo mejor puede ser más interesante, dado que no tiene gran valor arquitectónico, que se remate esa esquina con un edificio mejor y que resuelva mejor ese problema, o elementos como los de la calle Villa de Laxe que, bueno, el que motivaba la catalogación era un edificio que ya tiene licencia y que se está alterando, y por lo tanto no contiene



*incluían para, digamos, para facer un conxunto ambiental, pois tampouco considera a Xunta que o teña.*

*Polo demais, son, como digo, cambios menores. Hai unha introdución dalgún elemento na contorna do pazo da Peregrina para dotar ó conxunto de maior protección, hai cautelas en canto á ampliación de edificios, tanto na zona de Falperra como na zona da rúa San Leandro porque, bo, pois efectivamente, para garantir que se cataloga de maneira correcta eses edificios, pois se pon..., digamos, condiciónase, non? esas ampliacións para evitar que perdan valor coas posibles ampliacións que permita o plan e como digo, o documento que traemos o que xera é, bo, pois é a inclusión do Camiño de Santiago, a inclusión de tres elementos etnolóxicos que son tres fontes de propiedade municipal e de 74 elementos arquitectónicos, dos cales 68 teñen protección ambiental e 6 teñen protección estrutural.*

*Por tanto, o acordo que traemos hoxe a Pleno é, primeiro, manter nos seus propios termos no afectado por este acordo, a toma de coñecemento e aprobación do informe de contestación ás alegacións redactado polo equipo redactor e incluído como anexo I da Memoria xustificativa do documento da modificación puntual do Plan Xeral, aprobado polo Pleno municipal do 2 de outubro de 2025, coas modificacións derivadas da consulta efectuada o 2 de xaneiro de 2026 ó Servizo de Patrimonio Cultural da Coruña, que non se consideran substanciais; segundo, aprobar provisionalmente o documento denominado Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña, para incorporación de elementos ó catálogo, documento 1, separata 2, Cambios consulta Servizo*

valores arquitectónicos y los dos que se incluían para, digamos, para hacer un conjunto ambiental, pues tampoco considera la Xunta que lo tenga.

Por lo demás, son, como digo, cambios menores. Hay una introducción de algún elemento en el entorno del pazo de La Peregrina para dotar al conjunto de mayor protección, hay cautelas en cuanto a la ampliación de edificios, tanto en la zona de Falperra como en la zona de la calle San Leandro porque, bueno, pues efectivamente, para garantizar que se cataloga de manera correcta esos edificios, pues se pone..., digamos, se condiciona ¿no? esas ampliaciones para evitar que pierdan valor con las posibles ampliaciones que permita el plan y como digo, el documento que traemos lo que genera es, bueno, pues es la inclusión del Camino de Santiago, la inclusión de tres elementos etnológicos que son tres fuentes de propiedad municipal y de 74 elementos arquitectónicos, de los cuales 68 tienen protección ambiental y 6 tienen protección estructural.

Por lo tanto, el acuerdo que traemos hoy a Pleno es, primero, mantener en sus propios términos en lo afectado por este acuerdo, la toma de conocimiento y aprobación del informe de contestación a las alegaciones redactado por el equipo redactor e incluido como anexo I de la Memoria justificativa del documento de la modificación puntual del Plan General, aprobado por el Pleno municipal del 2 de octubre de 2025, con las modificaciones derivadas de la consulta efectuada el 2 de enero de 2026 al Servicio de Patrimonio Cultural de A Coruña, que no se consideran sustanciales; segundo, aprobar provisionalmente el documento denominado Modificación puntual del Plan General de Ordenación Municipal de A Coruña, para incorporación de elementos al catálogo, documento 1, separata 2, Cambios consulta Servicio Patrimonio Cultural Coruña. Enero 2026, redactado



*Patrimonio Cultural Coruña. Xaneiro 2026, redactado polos arquitectos Alfredo Garrote Pazos, Mónica Mesejo Conde e Sara Prieto Hortas, bo cos números de Colexiados que se mencionan; segundo, aprobar provisionalmente o documento... perdón, si, estou a repetirme, perdón, punto segundo; terceiro, remitir este acordo, xunto cun exemplar do documento técnico aprobado provisionalmente, á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta para os efectos da emisión do informe previsto no artigo 34.2, da Lei 5/2016, de patrimonio de Galicia; cuarto, remitir copia do expediente, xunto co documento debidamente dilixenciado á consellería competente en materia de ordenación do territorio, para a emisión do informe preceptivo e vinculante previsto no artigo 60 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, así como para os efectos da emisión do informe autonómico en materia de costas; quinto, notificar este acordo aos servizos e departamentos municipais interesados na tramitación deste expediente; e sexto, facultar á Alcaldía-Presidencia, en execución deste acordo, para a realización de cuantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de leste.*

*Moitas grazas.*

**Ás once horas e trinta e un minutos entra no Salón de Sesións o señor Mora do Campo e sae a señora Neira Fernández.**

### **Presidencia**

*Moitas grazas.*

*Comezamos a quenda de debate. Turno do BNG, señora Veira, tres minutos.*

### **Señora Veira González**

*Si. Desde o BNG queremos comezar*

por los arquitectos Alfredo Garrote Pazos, Mónica Mesejo Conde y Sara Prieto Hortas, bueno con los números de colegiados que se mencionan; segundo, aprobar provisionalmente el documento... perdón, sí, me estoy repitiendo, perdón, punto segundo; tercero, remitir este acuerdo, junto con un ejemplar del documento técnico aprobado provisionalmente, a la Dirección General de Patrimonio de la Xunta a los efectos de la emisión del informe previsto en el artículo 34.2, de la Ley 5/2016, de patrimonio de Galicia; cuarto, remitir copia del expediente, junto con el documento debidamente diligenciado a la consellería competente en materia de ordenación del territorio, para la emisión del informe preceptivo y vinculante previsto en el artículo 60 de la Ley 2/2016, del suelo de Galicia, así como a los efectos de la emisión del informe autonómico en materia de costas; quinto, notificar este acuerdo a los servicios y departamentos municipales interesados en la tramitación de este expediente; y sexto, facultar a la Alcaldía-Presidencia, en ejecución de este acuerdo, para la realización de cuantos actos, trámites o gestiones sean procedentes para el buen fin de este.

*Muchas gracias.*

***A las once horas y treinta y un minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Mora do Campo y sale la señora Neira Fernández.***

### **Presidencia**

*Muchas gracias.*

*Comenzamos el turno de debate. Turno del BNG, señora Veira, tres minutos.*

### **Señora Veira González**

*Sí. Desde el BNG queremos comenzar*



lembrando que o patrimonio histórico, arquitectónico, cultural e paisaxístico da Coruña non é un elemento decorativo nin un obstáculo para o desenvolvemento urbano, senón unha parte esencial da nosa identidade colectiva e unha responsabilidade pública irrenunciábel. O PXOM é a principal ferramenta de planificación da cidade e por iso o tratamento que fai da protección do patrimonio ten que ser forte e suficiente. Un catálogo feble, incompleto ou pouco garantista equivalería na práctica a abrir a porta á degradación e á desaparición progresiva do noso legado común.

Desde o BNG imos votar a favor desta modificación do PXOM para a ampliación do Catálogo porque a protección do patrimonio, desde o noso punto de vista, debe basearse en tres principios fundamentais: amplitude, rigor e eficacia real.

En primeiro lugar a amplitude, porque o patrimonio da Coruña non se limita ós grandes edificios singulares nin ó casco histórico da cidade, a Cidade Vella ou o centro da cidade, senón que estamos a falar de edificios que están nos nosos barrios, que vemos día a día, o patrimonio industrial, os elementos etnográficos, espazos públicos con valor histórico e, en definitiva, a paisaxe urbana que configura a memoria da cidade, ler a historia da cidade ó tempo que percorremos as nosas rúas, iso é o que temos dereito a facer as coruñesas e coruñeses. O Catálogo do PXOM debe incorporar esta visión ampla e inclusiva, por iso votamos a favor desta ampliación do Catálogo.

En segundo lugar, cremos que é fundamental o rigor, é imprescindible que cada ben catalogado conte cunha descrición precisa dos seus valores elementos que se deben de preservar e das intervencións permitidas ou prohibidas,

*recordando que el patrimonio histórico, arquitectónico, cultural y paisajístico de A Coruña no es un elemento decorativo ni un obstáculo para el desarrollo urbano, sino una parte esencial de nuestra identidad colectiva y una responsabilidad pública irrenunciable. El PGOM es la principal herramienta de planificación de la ciudad y por eso el tratamiento que hace de la protección del patrimonio tiene que ser fuerte y suficiente. Un catálogo endeble, incompleto o poco garantista equivaldría en la práctica a abrir la puerta a la degradación y a la desaparición progresiva de nuestro legado común.*

*Desde el BNG vamos a votar a favor de esta modificación del PGOM para la ampliación del Catálogo porque la protección del patrimonio, desde nuestro punto de vista, debe basarse en tres principios fundamentales: amplitud, rigor y eficacia real.*

*En primer lugar la amplitud, porque el patrimonio de A Coruña no se limita a los grandes edificios singulares ni al casco histórico de la ciudad, la Ciudad Vieja o el centro de la ciudad, sino que estamos hablando de edificios que están en nuestros barrios, que vemos día a día, el patrimonio industrial, los elementos etnográficos, espacios públicos con valor histórico y, en definitiva, el paisaje urbano que configura la memoria de la ciudad. Leer la historia de la ciudad al tiempo que recorremos nuestras calles, eso es lo que tenemos derecho a hacer las coruñesas y coruñeses. El Catálogo del PGOM debe incorporar esta visión amplia e inclusiva, por eso votamos a favor de esta ampliación del Catálogo.*

*En segundo lugar, creemos que es fundamental el rigor, es imprescindible que cada bien catalogado cuente con una descripción precisa de sus valores elementos que se deben de preservar y de las intervenciones permitidas o prohibidas,*



tal e como acontece con isto que imos aprobar hoxe porque a xente debe coñecer por que os bens da nosa cidade están protexidos e teñen valor, e debe facerse pedagogía, e xa o dixen no seu día porque o noso patrimonio é orgullo de cidade.

E en terceiro lugar, eficacia real. Creemos que a protección do patrimonio non pode quedar meramente nunha declaración de intencións; creemos que protexer tamén significa dotar de recursos, facilitar a rehabilitación fronte á substitución e apostar pola conservación sempre como opción prioritaria.

Desde o BNG queremos deixar claro que defendemos un modelo de cidade que medre con criterio, pero nunca a costa da perda irreversible do noso patrimonio. A Coruña non pode permitirse repetir erros do pasado no que a especulación e a falta de planificación supuxeron a destrución de elementos que hoxe serían, son, irrecuperábeis. Por iso creemos que o patrimonio ten que ser un eixo central do proxecto de cidade que aposte decididamente pola rehabilitación, a reutilización social dos edificios históricos e pola defensa da identidade urbana da Coruña, porque protexer o patrimonio non é mirar ó pasado, é garantir futuro, cohesión social, calidade de vida para as xeracións que veñen. Moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora Veira. Turno para o Partido Popular, señor Deus.

Ás once horas e trinta e cinco minutos sae do Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas e entra a señora Neira Fernández.

**Señor Deus Álvarez**

*tal y como sucede con esto que vamos a aprobar hoy porque la gente debe conocer por que los bienes de nuestra ciudad están protegidos y tienen valor, y debe hacerse pedagogía, y ya lo dije en su día porque nuestro patrimonio es orgullo de ciudad.*

*Y en tercer lugar, eficacia real. Creemos que la protección del patrimonio no puede quedar meramente en una declaración de intenciones; creemos que proteger también significa dotar de recursos, facilitar la rehabilitación frente a la sustitución y apostar por la conservación siempre como opción prioritaria.*

*Desde el BNG queremos dejar claro que defendemos un modelo de ciudad que crezca con criterio, pero nunca a costa de la pérdida irreversible de nuestro patrimonio. A Coruña no puede permitirse repetir errores del pasado en el que la especulación y la falta de planificación supusieron la destrucción de elementos que hoy serían, son, irrecuperables. Por eso creemos que el patrimonio tiene que ser un eje central del proyecto de ciudad que apueste decididamente por la rehabilitación, la reutilización social de los edificios históricos y por la defensa de la identidad urbana de A Coruña, porque proteger el patrimonio no es mirar al pasado, es garantizar futuro, cohesión social, calidad de vida para las generaciones que vienen. Muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora Veira. Turno para el Partido Popular, señor Deus.*

*A las once horas y treinta y cinco minutos sale del Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas y entra la señora Neira Fernández.*

**Señor Deus Álvarez**



Moitas grazas, señora alcaldesa, e bo día a todos os concelleiros e a todas aquelas personas que nos escoitan.

*Volve a este pleno este asunto que ten a súa orixe, reparen vostedes, xa no ano 2016, por parte doutra corporación municipal. O documento que se elaborou no ano 2016 tiña tan pouca calidade que lles leva a vostedes a aprobar no ano 2021 un documento de mínimos con tan só 10 elementos dese primeiro documento elaborado. Aprobamos en outubro unha segunda separata dese documento, en outubro de 2025, na que si se introducían xa outros elementos para catalogar, pero claro, xa lles advertíamos que moitos destes elementos non tiñan a categoría suficiente para ser incluídos no Catálogo e iso mesmo dillo agora o informe que emite a Dirección Xeral de Patrimonio na que lles di que moitos dos elementos que vostedes lles obriga a facer unhas correccións e dilles que moitos elementos que vostedes están a incorporar a ese catálogo non teñen ningún valor para ser incluídos no mesmo, mesmo se lles indica a existencia de edificios que xa están moi transformados por realizarse intervencións neles e ademais dilles que quiten en moitos deles a posibilidade de ser ampliados en altura, posibilidade que figuraba nas fichas no actual Plan Xeral.*

*Enfróntanse vostedes a outro reto tamén, que é que a Dirección de Calidade Ambiental efectuou unha aprobación dese trámite ambiental que foi aprobado en marzo de 2018, por seis anos. Xa se viron vostedes obrigados a pedir unha prórroga de dous anos para continuar coa tramitación deste expediente, prórroga que caduca no mes de marzo deste ano. Van vostedes aos tombos, unha vez máis se pon de manifesto esa falta de xestión e esa desidia na tramitación destes expedientes, expedientes dos que estamos a falar, como dixen antes, que se*

*Muchas gracias, señora alcaldesa, y buenos días a todos los concejales y a todas aquellas personas que nos escuchan.*

*Vuelve a este pleno este asunto que tiene su origen, fíjense ustedes, ya en el año 2016, por parte de otra corporación municipal. El documento que se elaboró en el año 2016 tenía tan poca calidad que les lleva a ustedes a aprobar en el año 2021 un documento de mínimos con tan solo 10 elementos de ese primer documento elaborado. Aprobamos en octubre una segunda separata de ese documento, en octubre de 2025, en la que sí se introducían ya otros elementos para catalogar, pero claro, ya les advertíamos que muchos de estos elementos no tenían la categoría suficiente para ser incluidos en el Catálogo y eso mismo se lo dice ahora el informe que emite la Dirección Xeral de Patrimonio en la que les dice que muchos de los elementos que ustedes les obliga a hacer unas correcciones y les dice que muchos elementos que ustedes están incorporando a ese catálogo no tienen ningún valor para ser incluidos en el mismo, incluso se les indica la existencia de edificios que ya están muy transformados por haberse realizado intervenciones en ellos y además les dice que quiten en muchos de ellos la posibilidad de ser ampliados en altura, posibilidad que figuraba en las fichas en el actual Plan General.*

*Se enfrentan ustedes a otro reto también, que es que la Dirección de Calidade Ambiental efectuó una aprobación de ese trámite ambiental que fue aprobado en marzo de 2018, por seis años. Ya se vieron ustedes obligados a pedir una prórroga de dos años para continuar con la tramitación de este expediente, prórroga que caduca en el mes de marzo de este año. Van ustedes a trompicones, una vez más se pone de manifesto esa falta de gestión y esa desidia en la tramitación de estos expedientes, expedientes de los que estamos hablando, como he dicho antes, que se ha iniciado 10*



*iniciou 10 anos atrás.*

*Sempre lles dixemos nas intervencións sobre este asunto que para que estas modificacións sexan entendidas e respectadas polos coruñeses, é imprescindible que as decisións estean adecuadamente xustificadas, que non deixen lugar á discrecionalidade e que se cumpra o principio de igualdade entre os cidadáns. Así o manifestaron as 69 alegacións presentadas á tramitación deste documento, a maioría de particulares e de propietarios preocupados polo contido desta modificación. Hai que ter en conta que a todos eses elementos que se van a introducir no Catálogo van afectar as condicións que sobre protección de edificios reflíctense no Plan Xeral, coas consecuencias urbanísticas e económicas que iso trae consigo, e non só a estes inmobles, senón tamén á área de protección que rexe ó redor deles.*

*Enfróntanse, como lles digo, a outro reto, que é conseguir a aprobación definitiva a esta modificación puntual antes de que finalice a vixencia do trámite ambiental o próximo mes de marzo, dentro de dous meses, e han de dispoñer de todos os informes favorables a esta nova modificación. Como sempre, tramitación aos tombos e dubido moito que dada as modificacións substanciais que se introducen en moitos dos elementos, non sería necesario outra vez realizar ou abrir un período de alegacións, debido a que se vai a afectar algúns elementos e algúns propietarios tiñan dereito a sabelo.*

*Mire, señor Díaz, vou facer un breve comentario soamente sobre a zona tensada: quítese vostede a venda, quítese vostede a venda dos ollos. Non me pode dicir que non se poden comparar datos de contratos do mes de xullo e de finais de ano do mes de decembro cando vostede*

años atrás.

Siempre les hemos dicho en las intervenciones sobre este asunto que para que estas modificaciones sean entendidas y respetadas por los coruñeses, es imprescindible que las decisiones estén adecuadamente justificadas, que no dejen lugar a la discrecionalidad y que se cumpla el principio de igualdad entre los ciudadanos. Así lo manifestaron las 69 alegaciones presentadas a la tramitación de este documento, la mayoría de particulares y de propietarios preocupados por el contenido de esta modificación. Hay que tener en cuenta que a todos esos elementos que se van a introducir en el Catálogo les van a afectar las condiciones que sobre protección de edificios se reflejan en el Plan General, con las consecuencias urbanísticas y económicas que eso trae consigo, y no solo a estos inmuebles, sino también al área de protección que rige en torno a ellos.

Se enfrentan, como les digo, a otro reto, que es conseguir la aprobación definitiva a esta modificación puntual antes de que finalice la vigencia del trámite ambiental el próximo mes de marzo, dentro de dos meses, y han de disponer de todos los informes favorables a esta nueva modificación. Como siempre, tramitación a trompicones y dudo mucho que dada las modificaciones sustanciales que se introducen en muchos de los elementos, no sería necesario otra vez realizar o abrir un periodo de alegaciones, puesto que se va a afectar algunos elementos y algunos propietarios tenían derecho a saberlo.

Mire, señor Díaz, le voy a hacer un breve comentario solamente sobre la zona tensionada: quítese usted la venda, quítese usted la venda de los ojos. No me puede decir que no se pueden comparar datos de contratos del mes de julio y de finales de año del mes de diciembre cuando usted está



*está a comparar os datos dos alugueres desde o mes de xullo co mes de decembro, é a mesma comparación no mesmo período de tempo. Pero digo unha cousa: escoite ó sector, fale cos administradores de leiras, fale cos axentes da propiedade inmobiliaria, fale cos promotores inmobiliarios que lle dirán a realidade do mercado da vivenda na cidade.*

